

A RECONSTRUCCIÓN MUSICAL DE INÉS E BIANCA: UNHA PEQUENA ODISEA MUSICAL

JUAN DURÁN ALONSO

2001 foi o ano que Stanley Kubrick e Arthur C. Clarke escolle-ron para a súa viaxe *2001: A Space Odyssey*. Corría o 1968 cando se rematou e estreou o filme. Ese ano 68, emblemático por tantas razóns e efeméride deste en que isto escribo, foi un ano gris, non sideral nin, por suposto, *underground* para a música galega. Nin na música oficial do réxime nin na cultura da resistencia entraba Marcial del Adalid, ao máis unha aburrida versión de *Negra sombra* para coro triste a catro voces mixtas.

En 1968 Kubrik e Clarke pensaron que 2001 podería ser un número máxico para que o *Discovery* viaxase a Xúpiter e nos mostrase os máis recónditos enigmas da galaxia. Desgraciadamente, equivocáronse cun erro de anos, mais tamén é certo que nesa viaxe se anticiparon (aínda que fose mera especulación) a poñer un pé na Lúa. Nese ano 68, mítico e agora celebrado, o que perdurara da partitura de *Inés e Bianca* durmía o sono dos xustos na Real Academia Galega tras longos lustros de abandono e desinterese. Daquela ninguén podía imaxinar que no 2001 outros dous aventureiros iniciarían unha viaxe, esta vez ao pasado, para desentrañar tamén os máis recónditos segredos desa partitura.

Xusto é recoñecermos, en primeiro termo, que foi Margarita Viso a pioneira da aventura cando, vinte anos atrás dese 2001, descubrira as bondades artísticas desa obra. E non podo por menos que seguir asombrándome dese olfacto de fina exploradora que demostrou para a historia cando soubo valorar, coma ninguén, a xoia artística que atopara. Despois, todo foi máis doado. A odisea de tentar unha reconstrución de *Inés e Bianca* nunca sería posible sen os traballos previos de investigación e análise da ópera que Margarita Viso desenvolvera previamente.

Sobre o traballo que fixemos, principalmente, Margarita Viso e mais eu, pero tamén os restantes membros do grupo de traballo, está a información que proporciona o estudo crítico que a propia Margarita Viso elaborou para a edición do IGAEM, e onde se dá conta polo miúdo non só das fases do proceso de reconstrución, senón da reconstrución mesma: aí se explica con todo detalle cal foi o meu traballo e o porqué das decisións adoptadas. Por iso entendo que neste momento non procede insistir sobre o dito e remito o lector interesado á devandita publicación, onde atopará a información que cómpre para indagar sobre o periplo que resultou da nosa pequena odisea.

Quedan, xa que logo, por narrar desta viaxe os preparativos, as anécdotas, os camiños equivocados e despois retomados, os apuros de última hora, os compañeiros de viaxe... algúns destes últimos non foron até agora amentados, e tamén é de xustiza nomealos: o primeiro, sen dúbida, José Luis Méndez Romeu, home sensible para as artes musicais e quen apostou desde un principio por apoiar o proxecto. E despois Aníbal Otero, daquela xerente do Xacobeo, que o impulsou decididamente. E, por suposto, os amigos músicos que animan, axudan e non pexan a marcha. E para aqueles músicos que non creron nin aínda cren nesta ópera, aínda que compañeiros de viaxe á fin, mellor será mantermos un discreto silencio.

E resulta até comprensible esas dúbidas, esa prevención ante unha obra da magnificencia dunha ópera descoñecida e polo tanto nova. Recoñezo que eu mesmo, durante anos, identifiquei o autor coruñés cun músico cuxa verdadeira dimensión se atopaba só no *lied*, o piano e a música de cámara, o que non é pouco. E sendo isto certo, non o é menos que nesta obra Adalid se embarca no modelo romántico da grande ópera. E, na miña opinión, sae máis que airoso. Nada falta aquí para situar a *Inés e Bianca* como unha obra de repertorio á altura das grandes óperas da segunda metade do século XIX: os roles solistas, verdadeiramente ambiciosos no vocal, de soprano e tenor; os coros de gran presenza escénica e todo o aparato orquestral, en que salientan as fanfarras de metal (até seis trompetas por momentos), todo iso enmarcado en catro actos simétricos (dous en exteriores, dous en interiores), onde a acción e, polo tanto a música, gravita entre o lírico e o épico en grande equilibrio e orixinalidade.

Si o viu Achille de Lauzières, libretista desta ópera e tamén dalgúns outros títulos tan célebres como a adaptación ao italiano do *Don Carlo* de Verdi. De igual modo que o fino olfacto de Margarita Viso a conduciu a se interesar por *Inés e Bianca*, tamén Lauzières, indubidable coñecedor do xénero, tivo a intuición de que a aventura con Adalid podería reportar éxitos e popularidade. Visión de home de teatro que compartiu co empresario Leon Escudier, tamén do círculo de Verdi. Só o talento do experto en lides teatrais ante o que pode ser un bo investimento xustifica o interese que uns señores de París podían tomar pola ópera dun galego que non conseguira a estrea na súa patria. E velaí quedou o traballo inxente dun Marcial del Adalid que apostaba por unha ópera que nunca se chegou a representar. Unha máis de tantas calamidades que percorren a nosa historia musical.

En outubro de 2001 eu estreei, xunto ao poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, a *Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz*, unha obra que cantaba, desde Galicia, a luz que ilumina o noso interior, o noso destino e o noso futuro. Un mes antes, os acontecementos do 11-S marcaron o comezo dun novo século, dunha nova era. Nese novo século en que estamos, Margarita Viso e mais eu decidimos iniciar esa pequena odisea musical, un día de novembro que paseabamos á beira dese océano Atlántico tamén tan noso. A viaxe ía ser longa e custosa. Habería que poñer moitas horas de traballo. O meu labor sería o de reconstruír os catro fragmentos que faltaban da partitura, un deles o que correspondía ao final da obra. E coma sempre que se enceta unha viaxe, non se percibe a totalidade da experiencia até que esta remata. Dificilmente sabía o que podería atopar, as situacións que tería que superar ou, por outra banda, os acenos que Adalid me ía dar indicándome cales eran as mellores decisións que se debían adoptar.

Como queira que for, resultaría prolixo citarmos aquí todas e cada unha das decisións que se adoptaron e, especialmente, os argumentos técnicos que se someteron a consideración para adoptarmos aquelas. Queda pois, como toda odisea, a viaxe mesma, ese fenómeno en que un vai cara ao interior para medrar desde dentro e atopar a súa propia felicidade. Coma os astrónautas de *2001: A Space Odyssey*, Margarita Viso e mais eu tentamos viaxar cara ás entrañas de *Inés e Bianca* para devolvérmolos a nós mesmos, como músicos, e por ende a todos cantos a queiran gozar, a felicidade dunha obra que está aí para orgullo de Galicia.

Nota final: En 1997, Arthur C. Clarke publicou *3001: The Final Odyssey*. Será o século XXII o que vexa a estrea de *Inés e Bianca*? A resposta, coma sempre, está nas estrelas.